



# Fiare

2 0 0 5 - 2 0 1 0

“Son cousas pequeniñas.  
Non acaban coa pobreza,  
non nos sacan do subdesenvolvemento,  
non socializan os medios de produción e de cambio,  
non expropian as covas de Alí Babá.

Pero quizáis desencadeen a alegría de facer,  
e a traduzan en actos.

E á fin e ao cabo, actuar sobre a realidade  
e cambiala, aínda que sexa un pouquiño,  
é a única maneira de probar  
que a realidade é transformable.”



# índice

---

Presentación

Financiamento por sectores

Financiamento por forma xurídica

Proceso de avaliación ético-social

Financiamento por territorio

Financiamento por produto

Principios de Fiare no crédito

Redes que forman Fiare

---

## QUERIDAS AMIGAS E AMIGOS

Nestas páxinas que poderedes ler a continuación presentamos o resultado dos nosos primeiros anos de traballo. Quixemos abrir o noso corazón, o máis característico da nosa actividade, aquilo que realmente pode cambiar as cousas: onde se inviste o diñeiro recollido.

Durante este tempo, achegáronse moitas persoas e organizacións a presentarnos os seus proxectos, os seus soños e as súas necesidades, por se podiamos contribuír a construílos. Non sempre puidemos ou soubemos facelo. E por iso, pedimos sinceras desculpas. Non todo é causa da inexperiencia ou de intentar facer cousas que non se podían. Seguro que tamén se debe á desorganización, a non saber entender...

Pero hai moitas outras propostas, por sorte moitas máis, nas que nos destes a oportunidade de participar e puidemos ver como saían adiante. O protagonismo, obviamente, non é do intermediario financeiro, que só move os recursos, senón de quen saca os proxectos adiante no día a día.

Por iso queremos darvos as grazas pola confianza que depositastes en nós aos/ás que vos achegastes cos vosos recursos para canalizalos dunha forma alternativa ou cos vosos proxectos para recibir eses recursos. Intentamos molestar o menos posible entre persoas e proxectos.

A continuación veredes en que se plasmou todo isto, en función de diferentes criterios de clasificación: sectores de intervención, forma xurídica, lugar xeográfico ou tipo de operación, así como o proceso seguido para levalo a cabo: aplicación dos nosos principios e avaliación ético-social. Non poden estar todos os proxectos, pero si unha mostra significativa, que permita entender que facemos e, sobre todo, por que.

Non podemos terminar estas liñas sen lembrar a Banca Popolare Etica, entidade da que somos axentes en España, e sen a que nada disto sería posible. Un agradecemento a todas as persoas que alí traballan, e que tomaron os proxectos propostos por Fiare como se foran propios, levándoos adiante con todo o entusiasmo e profesionalidade posibles.

### Moitas grazas a todas e todos, e ata dentro doutros 5 anos

Fiare formámolo  
neste período:



## A) FINANCIAMENTO POR SECTORES

Aínda que o criterio fundamental para seguir adiante cun proxecto é o seu “xermolo transformador”, a súa forma de facer as cousas, diferente das habituais, que permite construír unha sociedade máis equilibrada, para os efectos de explicar que facemos, é máis fácil facelo a través de sectores de intervención.

Achéganos unha primeira idea dos valores e das redes que están participando neste proxecto, aínda que corramos o risco de pensar que aquilo que non poida encaixarse comodamente nestes 4 sectores, quedará fóra da nosa actuación.

Destaca de xeito espectacular o financiamento a proxectos de economía solidaria e inserción social. O traballo con redes como REAS ou EAPN en cada un dos territorios, ou con redes territoriais como a Federació ECOM en Cataluña ou a Asociación de Empresas de Inserción de Euskadi Gizatea, permitiu que o traballo con colectivos desfavorecidos sexa o sinal de identidade destes 5 anos.

Dentro dos diferentes proxectos que Banca Popolare Etica financiou nesta área a través de Fiare, destacamos os seguintes:

SECTOR	2005	2006	2007	2008	2009	2010	%
<b>Economía Solidaria/Inclusión</b>	90.000	242.000	3.050.000	4.809.100	8.239.519	12.260.319	65,00%
<b>Coop. Int./ Comercio Xusto</b>	0	851.000	1.471.000	1.971.000	2.030.000	3.565.000	19,00%
<b>Valores Sociais</b>	0	110.000	560.000	1.069.000	1.696.000	2.387.000	13,00%
<b>Agroecoloxía</b>	0	465.000	585.000	740.000	773.000	788.000	4,00%
<b>TOTAL</b>	90.000	1.668.000	5.666.000	8.589.100	12.738.519	19.000.319	


### A1) Economía Solidaria/Inclusión

#### A1.1) Proxectos de Economía Solidaria: IDEAS

Fiare é membro da Rede de Economía Alternativa e Solidaria (REAS), xermolo dos principios que están na base do noso proxecto. Por iso, o primeiro proxecto que destacamos é dentro da propia rede.

A cooperativa cordobesa de comercio xusto IDEAS foi un dos primeiros proxectos que se acercaron a Fiare, tanto a participar no seu desenvolvemento como a traballar cos diferentes produtos que en cada momento puideran ofrecerse.

Trátase dunha Sociedade Cooperativa Andaluza de Interese Social, recoñecida como ONGD pola Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (AECID). É membro de REAS, da Coordinadora Estatal de Comercio Xusto e de WFTO (Organización Mundial do comercio Xusto), entre outras.



Opera desde 1997, a través da ferramenta do Comercio Xusto, desenvolvendo ao mesmo tempo proxectos de asistencia técnica para os grupos produtores. Tamén, como pilar fundamental do Comercio Xusto, desenvolve actividades de sensibilización e educación no Norte, principalmente en España, desenvolvendo á súa vez outras materias que considera fundamentais para o propio desenvolvemento do Comercio Xusto, como son as Finanzas Éticas, a Economía Solidaria, a Compra Pública Ética ou o Mercado Social.



IDEAS. Comercio Xusto. Produtores Sur

### A1.2) Proxectos de Empresas de Inserción: TXUKUNBERRI

Un dos campos en que máis traballamos estes anos foi o de apoiar a consolidación de proxectos de Empresas de Inserción Social, a medida que o marco legal, estatal e autonómico se ían consolidando nos diferentes territorios. Trátase dunha realidade moi interesante, na súa mestura de empresa produtiva e inserción social, que permite facer de ponte co mercado laboral ordinario. Ás súas extraordinarias posibilidades de desenvolvemento, úneselle o labor conxunto de diálogo coas administracións públicas en cuestións como os mercados protexidos e as cláusulas sociais nos contratos públicos.

Un destes exemplos é TXUKUNBERRI (Txukunberri osoko zerbitzuak, S.L.). Nace en 2004 da Asociación para a Reinserción social Zabaltzen (Sartu Durango) co obxecto de traballar para a inserción social e laboral de colectivos en risco de exclusión social. Inicialmente ligados á prestación de servizos de limpeza, actualmente diversificaron a súa actividade á hostelería e eventos.

Como empresa de inserción, carece de ánimo de lucro e a súa actividade enmárcase dentro da economía social e solidaria (REAS), así como da Asociación de empresas de inserción de Euskadi (Gizatea).



TXUKUNBERRI. Inserción social. Actividade servizo de hostelería

### A1.3) Proxectos de persoas en dificultades: ECOLOJAR


Unha das cuestións que ten que formularse unha entidade financeira alternativa é como responder ás situacións de persoas en dificultades, ás que un banco comercial non respondería, pola súa debilidade financeira e que, con ferramentas habituais na man, carecen de posibilidades.

Neste caso, ECOLOJAR (Ecolojár, S.L.), é unha sociedade que se constitúe en marzo de 2007 co propósito de ser unha empresa de inserción social xerada desde o autoemprego e constituída por persoas que se encontran nunha situación de risco de exclusión como procedentes do Centro penitenciario de Villabona (Asturias).

De cara a poder financeira, recorreuse a dúas garantías parciais: unha do fondo de solidariedade de Emaús Internacional e outra do fondo de apoio a proxectos de economía solidaria de REAS Navarra.



ECOLOJAR, S.L. Inserción social. Actividade xardinería



MMDDVV-El Cafetal. Cooperación internacional. Actividade Aforro e crédito

## A2) Cooperación Internacional/Comercio Xusto

A pesar de tratarse do 19% da actividade xestionada, non podemos esquecer que é a máis difícil de analizar e tramitar. Como exemplos, presentamos o noso primeiro proxecto no exterior.

Trátase do apoio ao reforzo da cooperativa de aforro e crédito comunal "O CAFETAL" en BABAHOYO – LOS RÍOS (ECUADOR).

O proxecto da cooperativa de crédito, iniciado en Babahoyo a mediados de 2006, conta en 2007 con arredor de 2.000 clientes e vese necesaria a adecuación dun local onde ofrecer un servizo adecuado.

A Cooperativa xorde ante a necesidade de dotar dunha alternativa no sector rural e urbano marxinal de Babahoyo, ante a pobreza cada vez máis crecente e a falta de capital para emprender unha actividade produtiva que permita mellorar as condicións das familias.



CAL CASES S.COOP.: Valores sociais. Socios

### A3) Valores Sociais: CAL CASES

É unha cooperativa de vivendas en cesión de uso. Nela viven 30 persoas (20 adultos e 10 nenos e nenas), levando a cabo un proxecto de vida en comunidade. A vivenda consta de espazos comúns e espazos privados para cada familia. Está situada no rural, polo que se realizan distintas tarefas como a agricultura, coidado do bosque, convivencia coa redonda... En liñas xerais o proxecto consta de tres eixes: a convivencia, a autoxestión e a posta en práctica dunha política de transformación social.


### A4) Agroecoloxía: TXORIERRIKO UPELTEGIEN ELKARTEA SCOOP.

No ano 2007 constitúese a presente cooperativa co obxecto de agrupar a pequenos agricultores e agricultoras que se dedican á elaboración de txakoli. Pertencen a distintos termos municipais da área do val do Txorierra da provincia de Bizkaia (Lezama, Galdakao, Larra-betzu, Zamudio, Derio, Gamiz-Fika, Loiu e Barrika). Actualmente encóntranse asociados na cooperativa 17 produtores, pero hai que ter en conta que se trata dun proxecto aberto á incorporación de máis pequenos produtores e produtoras, de tal xeito que se acade un número de 30. O proxecto financiouase ao 50% por Ipar Kutxa (Caja Rural Vasca).

TXORIERRIKO UPELTEGIEN ELKARTEA S.COOP. Agroecoloxía. Adegas







## B) FINANCIAMENTO POR PERSOALIDADE XURÍDICA

As formas xurídicas non dan garantías do que hai dentro no 100% dos casos. Pero si indican o plan de quen promove o proxecto. E polo tanto, tendencialmente, pódenos dar unha idea do tipo de entidade cuxos proxectos financiamos.

Hai un equilibrio razoable entre formas xurídicas non lucrativas (asociación, fundación e redes de entidades) cun 54% e proxectos empresariais, especialmente cooperativos (29%), aínda que tamén hai alguna sociedade limitada (empresas de inserción maioritariamente), e algún proxecto de persoas físicas en solitario ou agrupadas (sobre todo no campo da agricultura e do turismo).

FORMA XURÍDICA	2005	2006	2007	2008	2009	2010	%
Cooperativa		775.000	1.397.000	1.782.000	2.745.000	5.489.000	29%
Fundación			2.250.000	2.650.000	4.025.000	5.239.000	28%
Asociación	90.000	398.000	916.000	1.622.600	2.359.400	3.556.400	19%
Sociedade Mercantil			488.000	1.402.000	1.882.000	2.667.800	14%
Redes				517.500	1.112.119	1.393.119	7%
Persoas		495.000	615.000	615.000	615.000	655.000	3%
<b>TOTAL</b>	90.000	1.668.000	5.666.000	8.589.100	12.738.519	19.000.319	

### B1) Empresa cooperativa: COOPERATIVA ALBERA

Nace da evolución dun proxecto de taller ocupacional da Fundación Pere Mitjans e continúa desenvolvendo este labor de diversidade e respecto dentro da cooperativa. Desde 1982, son case 30 anos deseñando, fabricando, instalando e realizando o mantemento do mobiliario para garderías e para a etapa infantil dos Centros de Educación Primaria.

Son tamén case 30 anos formando parte do tecido asociativo de Cataluña, apoiando o desenvolvemento das redes de economía social, engadindo a responsabilidade e respecto co medio ambiente, esixindo os Certificados de Conformidade da Cadea de Custodia dos Produtos Forestais e do Consello Mundial para o Manexo Forestal (FSC) para todas as madeiras macizas que se utilizan no mobiliario.

## B2) Asociación: AZRAF

Asociación sen ánimo de lucro constituída en 1999 que nace co obxectivo de asesorar e axudar ás/aos inmigrantes marroquí, tanto en temas sociais, como administrativos. É dicir, trátase dunha asociación que traballa na defensa dos dereitos dos inmigrantes marroquí e a súa integración sociolaboral, denunciando no seu caso calquera forma de discriminación ou exclusión. Atención especial da muller e do menor para a súa plena integración. Así como o fomento de acordos de cooperación ao desenvolvemento, realizando actividades co obxectivo de achegar as realidades dos países de orixe e o País Vasco.



ALBERA, SCCL. Cooperativa. Actividade mobiliario garderia



ASOC INMIGRANTES MARROQUÍ AZRAF.  
Asociación. Actividade sensibilización

## B3) Fundación: PEÑASCAL

A Fundación Peñasal nace como tal a partir do Taller Escuela Peñasal (1986, co fin de axudar ás e aos mozos desocupados a inserirse no mundo laboral). Posteriormente constituíse a Fundación Peñasal, no intento de dotar ao traballo dun marco xurídico legal máis adecuado.

Fundación Peñasal ten como misión a promoción de toda clase de accións encamiñadas á integración social e laboral de persoas en risco ou en situación de exclusión social.

Para iso desenvolve accións preferentemente: a) no campo socio-educativo: formación cultural básica, desenvolvemento persoal, entramento en habilidades sociais... b) na capacitación socio-laboral: competencias profesionais, habilidades socio-profesionais, orientación e intermediación laboral, reciclaxe profesional. c) na promoción empresarial: creación de empresas de economía social, impulso a iniciativas de autoemprego.



FUNDACIÓN PEÑASCAL. Fundación. Edificio Boluetabarri.

#### B4) Redes: LURBIDE

A Asociación *Lurbide - El camino de la tierra* é unha asociación que nace en maio de 2008 co obxectivo de ser o punto de referencia das actuacións que *Vía Campesina Internacional* desenvolva en Euskadi.

Os fins da asociación que marcan a actividade son: o de ser un instrumento ao servizo das comunidades tanto do norte como do sur, fomentando a solidariedade; traballar por un modelo de agricultura socialmente responsable (agroecoloxía) e impulsar e fortalecer iniciativas que busquen reconstruír ou preservar a soberanía alimentaria dos pobos, tanto do norte como do sur. Para iso desenvolven proxectos de cooperación no sur e sensibilización e educación. Ademais de apoiar cantas iniciativas se enmarquen dentro do contexto dos fins sinalados.



VÍA CAMPESINA - LURBIDE EL CAMINO DE LA TIERRA. Redes.  
Conferencia Internacional LVC – Mozambique.

## PROCESO DE AVALIACIÓN ÉTICO-SOCIAL

### O Valor Ético de Fiare

Fiare é unha iniciativa de banca ética, en mans da cidadanía, que, cunha clara vocación transformadora, aspira a ser un instrumento político eficaz no ámbito da intermediación financeira. Ademais, dános a posibilidade de construír esa alternativa financeira desde as claves da nosa participación e compromiso no proxecto. O seu núcleo ético está precisamente na dimensión política e social que propón no seu modelo de construción e crecemento; no xeito no que se artellan todas as súas estruturas para pórse ao servizo dese fin. Máis alá das posibles comparacións que poderíamos facer de Fiare con outras iniciativas, merece a pena concedernos unha oportunidade nestas páxinas para lembrar, tras cinco anos de andadura, o valor ético de Fiare e recordarnos tamén o que dito valor ético nos esixe cada día ás persoas e organizacións que formamos parte deste proxecto.

Como recoñecer o “valor ético” do proxecto Fiare? Quizais conveña empezar recordando unha cuestión sinxela: cando falamos do carácter ético dunha organización, non nos estamos referindo á súa moralidade, senón ao xeito no que constrúe a súa lexitimidade. A “moralidade” implica un xuízo e unha avaliación sobre o que unha organización fai para ver se se axusta á nosa idea do que é “bo”, o “xusto”. Este terreo é movedizo. A lexitimidade, en cambio, esixe outros procesos distintos que se afastan deste tipo de valoracións subxectivas, fíxase principalmente na “calidade ética” dos resultados; é dicir, na capacidade desas organizacións para xerar condicións de xustiza na súa redonda.


Fiare rescata a dimensión social da intermediación financeira: capta aforro para presalo, quitándolle o valor mercantil asociado a ese proceso; é dicir, canaliza, a través do aforro, solidariedade cidadá para garantir,

a través do crédito, condicións de equidade. E isto último faino pódose ao servizo daquelas organizacións que teñen percepción e capacidade para identificar cales son os contextos de inxustiza estrutural que hai que atender. Fiare, deste xeito, promove mediante o crédito a posibilidade de desenvolvemento de determinados proxectos que teñen un claro valor transformador. O seu valor ético está precisamente no ben social e nos dereitos que protexe e promove mediante o crédito.

Este é un criterio importante nesa tarefa de identificar o valor ético de Fiare. Porén, non é un criterio suficiente. Fai falta afinar un pouco máis. A capacidade de Fiare para ofrecer impactos socialmente positivos e cun claro alcance ético non implica automaticamente recoñecer que iso o converte de facto nun proxecto “ético”. Eses resultados tan só confirman que as políticas que promove están ben orientadas para favorecer no ámbito da intermediación financeira resultados cun impacto social positivo. Non é pouco certamente. Pero –como vimos dicindo– iso, por si só, non dota a Fiare dunha lexitimidade baseada no seu valor ético.



Cristina de la Cruz  
Coordinadora do Comité de Ética



Unha organización que contribúe á construción de sociedades máis xustas é, sen dúbida, unha organización máis ética que outra que non o fai. Iso non podemos poñelo en dúbida, pero valorar o alcance da súa calidade ética esixe pór o foco de atención tamén nos procesos que xera para propiciar resultados socialmente positivos. Fiare constrúe e xógase a súa lexitimidade ética no modelo de construción e de crecemento que propón; e nas estruturas e procesos dos que se dota para garantir o logro dos seus fins. A forma en que articula a súa base social, os mecanismos postos en xogo para promover a participación informada e responsable, os procesos de toma de decisións, a estratexia de implantación no territorio ou as ferramentas que reforzan a súa capacidade para responder aos retos da nosa sociedade desde o coñecemento e a proximidade son algúns dos piares sobre os que se constrúe esa lexitimidade.


O sistema de adecuación ética de Fiare e as estruturas que o conforman son uns exemplos que permiten valorar non só o seu carácter transformador, senón tamén o xeito no que é posible manter a súa identidade e as bases éticas sobre as que se asenta, a medida que o proxecto vai crescendo. Nestes cinco anos, Fiare foi construíndo un marco no que se operativizan na práctica esas bases éticas.

\* Por un lado, existen nove comisións de avaliación ético-social, unha en cada territorio onde se desenvolve o proxecto Fiare. Estas comisións están formadas por persoas que coñecen o seu tecido asociativo e as circunstancias nas que se concretan eses retos éticos aos que Fiare quere responder mediante o crédito. Isto é precisamente o que achegan as comisións para valorar o alcance transformador das solicitudes de financiamento.

\* Outro nivel é o do Comité de Ética, un órgano que ten como obxectivo velar pola institucionalización dos valores do proxecto Fiare en todas as súas estruturas, niveis de responsabilidade e marcos de relación.

En total, máis de 50 persoas voluntarias que, en coordinación co equipo profesional e coa estrutura social de Fiare, fan realidade día a día o valor ético do proxecto.

## Proceso de avaliación ético social das solicitudes de financiamento



## C) FINANCIAMENTO POR TERRITORIO

Cando Fiare comezou o seu traballo como axente en España de Banca Popolare Etica, só había dúas persoas traballando nunha oficina en Bilbao, co apoio da Fundación Fiare, única propietaria entón do proxecto.

Nestes 5 anos, un dos trazos máis dinámicos foi a incorporación, ás veces sucesiva, ás veces previa, ás veces simultánea, de redes sociais e de proxectos solicitantes de financiamento. Ambas variables teñen que camiñar da man, concretando a relación entre o aforro recollido nun territorio e o que nel se financia.

Cada territorio ten as súas operacións emblemáticas, pero só podemos lembrar algunhas como símbolo da nosa presenza en cada un dos puntos. Igualmente, agrupamos como "outros", aquelas operacións realizadas en territorios onde non temos presenza estruturada, ou de pouco importe.

TERRITORIO	2005	2006	2007	2008	2009	2010	%
Euskadi		308.000	2.976.000	3.952.000	4.992.000	7.722.800	41%
Catalunya			450.000	1.086.500	2.940.619	4.564.619	24%
Andalucía		805.000	977.000	1.593.500	1.653.500	2.019.500	11%
Madrid			60.000	175.100	717.400	1.392.400	7%
Valencia			353.000	353.000	953.000	1.094.000	6%
Navarra	90.000	555.000	730.000	750.000	770.000	790.000	4%
Baleares				400.000	400.000	620.000	3%
Castela-León			120.000	120.000	135.000	185.000	1%
Outros				159.000	177.000	612.000	3%
<b>TOTAL</b>	90.000	1.668.000	5.666.000	8.589.100	12.738.519	19.000.319	

Por destacar algunhas, eliximos aquelas con sede en territorios sen oficina física, que permitan lembrar que podemos chegar a calquera sitio, por moito esforzo que requira.

**NORTESOL ENERGIAS RENOVABLES SL.**  
Castela e León. Actividade placas solares



**CASA MARICRUZ.** Navarra. Casa Rural.



**FUNDACIÓN DEIXALLES PALMA.** Baleares.  
Actividade reutilización residuos.





POVINET S.COOP. Valencia. Cooperativa servicios proximidade.



ECOORTIGA SOC COOP. Andalucía. Punto de venda Sevilla Este.

### C1) Valencia: SERCOVAL

Trátase dunha empresa cooperativa sen ánimo de lucro, que opera baixo a marca SERCOVAL, creada no ano 1979 pioneira na prestación de Servizos Sociais.

Presta servizos de xestión de centros sociais, programas de intervención social, Servizo de Axuda a Domicilio e Servizos de Limpeza de Centros e Empresas, contando con preto de 500 profesionais, dos cales máis do 90% son mulleres, en servizos intensivos en man de obra, que permitan xerar emprego.

### C2) Andalucía: ECOORTIGA

Trátase dunha cooperativa, que nace para unir unha dobre necesidade: a de persoas que queren consumir produtos de agricultura ecolóxica e comercio xusto e a de persoas produtoras que queren cultivar sen contaminar a terra e vender fóra do ámbito convencional.

Desde aí, os seus obxectivos son: fomentar hábitos de consumo ecolóxico, responsable e solidario; establecer relacións directas entre consumidores e produtores, baseadas no comercio xusto; sensibilizar na defensa do medio ambiente e o respecto aos dereitos humanos. Para iso participan na Federación Andaluza de Consumo e Producción Ecolóxica, Plataforma Andalucía Libre de Tranxénicos, Grupo de Soberanía Alimentaria e Xénero, e Rede de Decremento de Sevilla.

### C3) Castela-León: NORTESOL ENERGÍAS RENOVABLES

Nortesol Energías Renovables S.L. é unha pequena empresa fundada no ano 2006 que se encarga do deseño e realización de instalacións de enerxías renovables. Unha parte da misión da sociedade é difundir na redonda social unha cultura de sostibilidade e respecto á natureza que axude na conservación do medio. Realizou a instalación de numerosas instalacións de diferentes tipos de enerxías renovables.

### C4) Navarra: CASA MARICRUZ

Agroturismo familiar situado en Villanueva de Arce (Navarra). A súa actividade está dirixida a un turismo rural responsable esixente cos criterios medioambientais, de bioconstrución, actividades agropecuarias ecolóxicas, uso de enerxías alternativas, reciclaxe de residuos, etc. Dispón de curral doméstico con cabras ananas, coellos, pitas e dúas burras, así como pequena horta-xardín ecolóxica, buscando na redonda o que non se produce en casa.

### C5) Baleares: DEIXALLES

A Fundación nace en 1987 co obxectivo de traballar cos colectivos de persoas desfavorecidas e ir creando procesos de inserción social e laboral a través do desenvolvemento de actividades onde están en contacto os tres eixes de desenvolvemento e acción da Fundación: social - medioambiental - económico.

É dicir, co obxectivo principal de ir creando itinerarios de inserción social e laboral onde mulleres e homes poidan ir mellorando a súa calidade de vida desenvolven actividades económicas que permitan a creación de espazos de traballo educativo, desenvolver proxectos – dentro da vocación de sostibilidade ambiental e social -, crear iniciativas económicas, sociais e ambientais cos sectores sociais máis desfavorecidos, participar na construción de empresas de inserción social...

Todo iso desde o ámbito de traballo en rede, para o cal e como fortalecemento do seu propio obxecto social participan activamente en REAS Baleares e noutras redes sociais de cara á concreción dunha nova economía social respectuosa coas persoas e coa redonda.

## D) FINANCIAMENTO POR TIPO DE CRÉDITO

TIPO CRÉDITO	2005	2006	2007	2008	2009	2010	%
Tesourería en conta corrente			484.000	2.456.600	6.022.000	9.289.800	49,00%
Hipotecario		1.300.000	4.656.000	5.506.500	5.506.500	7.743.500	41,00%
Persoal	90.000	368.000	526.000	626.000	1.127.000	1.884.000	10%
Aval					83.019	83.019	0%
<b>TOTAL</b>	90.000	1.668.000	5.666.000	8.589.100	12.738.519	19.000.319	

NOTA: Ata o ano 2010 non se ofrecía en España o produto "aval" por parte de Banca Popolare Etica, polo que se tramitou noutras entidades financeiras, para dar un servizo complementario.

### D1) Conta corrente: Federación ECOM

A federación ECOM é un movemento asociativo que hai 40 anos que traballa pola mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade física e para favorecer a súa autonomía persoal e igualdade de oportunidades. Actualmente ECOM reúne 167 asociacións de persoas con discapacidade física, ás cales lles ofrece asesoramento e servizos para favorecer o fortalecemento do movemento asociativo da discapacidade, posto que a súa tarefa é primordial para a mellora das condicións das persoas con discapacidade e para as súas familias.


### D2) Crédito persoal a medio prazo: ELKARCREDIT

Elkarcredit é unha asociación sen ánimo de lucro fundada en 2004 co fin de apoiar o Desenvolvemento Económico Local nos países empobrecidos a través da ferramenta do microcrédito, na consideración de que os microcréditos poden ser un instrumento que combinado con programas complementarios de cooperación, contribúe a mellorar a calidade de vida de persoas e colectivos empobrecidos. Elkarcredit traballa dentro da estratexia do Desenvolvemento Endógeno Participativo, baseado en dous eixes: eixe democrático e eixe económico. O primeiro tradúcese en apoio a procesos comunitarios de participación colectiva e fortalecemento de organizacións locais. O eixe económico materialízase no apoio a economías populares desde un enfoque solidario. Ambos eixes son observados polo enfoque de Xénero en Desenvolvemento (GED).

FEDERACIÓ ECOM. Conta corrente. Actividade sensibilización sobre discapacidade.







**ASOCIACION ELKARCREDIT DE APOIO ECONÓMICO.**  
Crédito persoal Medio Prazo. Asemblea contraparte El Salvador.



**CENTRO OBREIRO DE FORMACIÓN CODEF.**  
Hipotecario. Actividade formación.

### D3) Crédito hipotecario

*Incluimos dúas, pola súa diferente mecánica: un, por disposicións en función de certificacións de obra sucesiva, e outro de entrega inmediata do importe completo do préstamo.*

#### D3.1) CODEF

É unha asociación civil sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública en 1985. Constituída legalmente en 1982, aínda que as súas orixes se remontan ao ano 1968. A presenza no barrio das Delicias de Zaragoza, no que actualmente están traballando, iniciouse no ano 1975, nas áreas de educación sociocultural e desenvolvemento comunitario.

O obxectivo fundamental de CODEF é a educación dos sectores socialmente máis desfavorecidos e vulnerables. O financiamento deste proxecto complementase cunha emisión de títulos participativos de 110.000 € xestionada por Coop 57.

#### D3.2) A Rede Social: KOOPERA

É un grupo de cooperativas de iniciativa social, empresas de inserción e entidades. O obxectivo é a loita contra a exclusión social e a inserción socio-laboral de persoas en situación de risco de exclusión social, mediante actividades principalmente en defensa do medio ambiente.

A Rede Social Koopera compóñena Rezikleta S.Coop., Berohi S.Coop., Ekiber S.Coop. Ekorrropa S.Coop., Ekorrepara S.Coop., Koopera Consulting e Asoc. Lanberri con Cáritas Bizkaia como socio colaborador.

Son membros de REAS Euskadi, AERESS - Asociación de recuperadores de Economía social e solidaria, Gizatea - Agrupación de empresas de inserción do País Vasco e Erkide – Federación de cooperativas de Euskadi.

**REDE SOCIAL KOOPERA GIZARTE SAREA S.COOP.** Hipotecario. Centro de recuperación residuos.




## O CRÉDITO EN FIARE

Analizar eticamente a actividade financeira supón ter en conta o tipo de sociedade na que esta se desenvolve e cales son os seus retos éticos. Supón así mesmo facelo atendendo ao ben social que debe perseguir, sen esquecer que o inmenso poder que atesouran as entidades financeiras (con diñeiro, non o esquezamos, deixado en depósito por miles e miles de cidadáns e cidadás) supón unha responsabilidade que remite, entre outras cousas, ás prioridades que se formulan para orientar o crédito. A selección por parte das entidades financeiras do destino deses inxentes fluxos de diñeiro é posiblemente un dos mecanismos que máis inflúe na configuración das nosas sociedades.

A vocación de transformación social e inclusión mediante o crédito é o primeiro pilar sobre o que se asenta Fiare. Por iso declaramos o compromiso de orientar a nosa actividade en favor daqueles colectivos que se encontran en situación ou risco de exclusión social. Esta tarefa lévase a cabo mediante unha actividade de crédito que, fundamentalmente, se desenvolve en dous ámbitos. Por un lado, o apoio a entidades que traballan con estas persoas, xa sexa a través da cooperación ao desenvolvemento dos países empobrecidos do sur do mundo ou apoiando procesos de inclusión social de colectivos en situación ou risco de exclusión nas nosas sociedades do norte. Por outro, o apoio de todas aquelas organizacións que traballan formulando alternativas ás situacións de inxustiza e insostibilidade do noso mundo. Todo o espazo da economía solidaria, do comercio xusto, do desenvolvemento de modelos empresariais alternativos de base cooperativa, de proxectos de agroecoloxía ou de actividades culturais, de investigación e sensibilización inclúense neste ámbito.

Non podemos esquecer que todo isto é necesario "facelo funcionar", ser capaces de mostrar que a transparencia non é unha palabra desgastada ou manipulada, senón que se trata dun compromiso real que garante que o proxecto efectivamente rende contas e está sometido ao escrutinio non só dos seus socios e clientes, senón de toda a sociedade. Por iso lle prestamos tanta atención ao sistema de avaliación ético-social das solicitudes, e a todo o que ten que ver coa adecuación ética de Fiare, como explicamos noutro apartado desta memoria.

Pero non está aínda todo dito respecto ao crédito en Fiare. A nosa vocación de orientar o crédito á construción de sociedades mellores esixe ofrecer máis que produtos bancarios típicos. Por iso, falamos dun Sistema de Banca Ética que ofrezca, xunto aos produtos e servizos típicos da banca tradicional, outros produtos que se adapten ás necesidades das persoas e entidades non recoñecidas como clientes de crédito polas entidades tradicionais. Esta necesidade púxose claramente de manifesto nestes últimos tempos, nos que o acceso ao crédito de moitas persoas e organizacións viuse severamente restrinxido e no que o número de solicitudes de financiamento que recibimos (e atendendo) aumentou moi significativamente.



Fiare complementa a súa actividade regular de crédito de tres xeitos. A primeira aséntase na potencialidade que ofrece “a rede Fiare” para achegar as necesarias garantías que pode requirir un préstamo concedido no circuito estritamente bancario do proxecto. Existen bastantes operacións de crédito que se realizaron mediante o aval de persoas e entidades da nosa base social non directamente vinculadas á solicitante, e que responderon a unha chamada do “sistema Fiare” a posibles avalistas.

O segundo mecanismo consiste na creación de circuitos aforro-crédito nos que a persoa aforradora se implica en que se poida soste economicamente unha actividade de crédito para a que a vulnerabilidade estrutural das persoas solicitantes constitúe un risco de morosidade maior. Neste sentido, podemos resaltar un tipo de depósito ao que chamamos “libreta redes” e no que os intereses non son recibidos pola persoa ou entidade depositante, senón que se lle entregan a quen esta elixa dentro dun conxunto de organizacións que o van a utilizar para apoiar, mediante o crédito, proxectos de maior risco.

En apenas tres anos de funcionamento, 304 persoas e organizacións depositaron os seus aforros utilizando esta libreta, por un total superior aos 3.100.000 euros. Isto supuxo pór a disposición das organizacións conveniadas máis de 49.200 euros de fondos doados para o financiamento de proxectos situados fóra do circuito bancario, co efecto multiplicador do crédito que isto supón. Os proxectos financiados polas entidades conveniadas foron de diverso tipo: apoio microfinanceiro a comunidades rurais de Centroamérica, crédito para o acceso a vivenda de persoas en situación ou risco de exclusión, capital para proxectos de emprendizaxe de alto valor social o creación de comunidades autofinanciadas.

O terceiro mecanismo consiste en establecer acordos con organizacións socias de Fiare interesadas en que as persoas coas que elas traballan teñan acceso a un crédito que facilite o traballo que desenvolven. Estas entidades adoitan asumir o risco inherente a esta operativa con fondos propios e avalan ao solicitante. Fiare pon neste proceso a súa estrutura, de forma que a persoa solicitante entende que o que está recibindo é un crédito bancario, non unha doazón realizada pola entidade que lle ofrece vivenda ou formación ocupacional ou calquera outro tipo de acompañamento.

Distintos mecanismos que persiguen, como se pode observar ao longo de toda esta memoria, que Fiare sexa capaz de responder, como dicíamos ao principio, aos retos que as nosas sociedades inxustas e insostibles lle presentan á intermediación financeira. O crédito é unha poderosa ferramenta neste camiño.



Peru Sasía  
Director da Fundación Fiare

## Fiare está presente nos seguintes territorios:

Navarra: [navarra@proyectofiare.com](mailto:navarra@proyectofiare.com)

Galiza: [fiaregz@proyectofiare.com](mailto:fiaregz@proyectofiare.com)

Castela e León: [fiarecyl@gmail.com](mailto:fiarecyl@gmail.com)

Madrid: [fiarezc@proyectofiare.com](mailto:fiarezc@proyectofiare.com)

Sur: [sur@proyectofiare.com](mailto:sur@proyectofiare.com)

Comunidade Valenciana: [xarxavalenciana@proyectofiare.com](mailto:xarxavalenciana@proyectofiare.com)

Canarias: [tenerife@proyectofiare.com](mailto:tenerife@proyectofiare.com)

[laspalmas@proyectofiare.com](mailto:laspalmas@proyectofiare.com)

Euskadi: [info@fiare.org](mailto:info@fiare.org)

Catalunya: [associacio@projectefiare.cat](mailto:associacio@projectefiare.cat)

Como rede transversal participa a cooperativa de servizos financeiros  
Coop57 (<http://www.coop57.coop>)

Esta obra está baixo unha licenza Creative Commons  
Recoñecemento-NonComercial-Compartirlgual 3.0 España  
<<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/>>

Permítese libremente copiar, distribuír e comunicar  
publicamente esta obra sempre e cando se recoñeza a autoría e  
non se use para fins comerciais. Se se altera ou transforma, ou  
se xera unha obra derivada, só poderá distribuírse baixo unha  
licenza idéntica a esta. Licenza completa:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/>